

● ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE:

• **Teléfono de información ás mulleres: 900-400.273**

• **Oficinas de I + B**

AS PONTES

Antiga oficina de correos
Avda. de Castela, nº36-1ª planta
15320 As Pontes. A Coruña

CARBALLO

Casa da Xuventude
Valle Inclán, nº24 1ª
15100 Carballo. A Coruña

MONFORTE

Edif. "Casitas" dos Escolapios.
Campo da Compañía s/n Baixo
27740 Monforte. Lugo

O CARBALLIÑO

Rúa Cerca, nº2 Baixo esq
32500 O Carballiño
Ourense

GONDOMAR

Rúa Emigrante nº 4 -6
36 380 Gondomar
Pontevedra

O PORRIÑO

Edif. Multiusos de Torneiros.
Rúa Riveira s/n
36410 O Porriño. Pontevedra

AS = OS

AS FILLAS E OS FILLOS



XUNTA DE GALICIA

¿QUE É A FILIACIÓN?

É filla ou fillo a persoa identificada respecto da súa nai ou pai. A filiación é a situación xurídica de nais e pais con respecto ás súas fillas e fillos.

A filiación pode ser por natureza ou por adopción.

- A filiación é por natureza no caso de fillos/as biolóxicos/as, e pode ser:

Matrimonial: cando os proxenitores están casados.

Non matrimonial: cando non existe matrimonio.

- A filiación é por adopción cando se trata de fillas ou fillos non biolóxicos.

A filiación debe estar inscrita no Rexistro Civil: a matrimonial xunto coa inscrición do matrimonio e a non matrimonial polo recoñecemento ante este rexistro.

Unha vez que se estableza a filiación dunha persoa, é dicir, que se estableza quen é a súa nai ou o seu pai, esta ten dereito aos seus apelidos. A orde dos apelidos dunha persoa será: o primeiro apelido será o apelido primeiro do pai e o segundo apelido será o primeiro apelido da nai. Existe a posibilidade de que a nai e o pai, de común acordo, establezan outra orde dos apelidos, que deberán manter para toda a súa descendencia común.

Todas as persoas poden alterar a orde dos seus apelidos ao alcanzaren a maioría de idade.

¿QUE É PATRIA POTESTADE?

As fillas e fillos menores de idade están baixo a patria potestade das súas nais e pais.

A patria potestade é o conxunto de deberes das nais e os pais cara ás súas fillas e fillos, que deben exercer sempre no seu beneficio.

Son deberes mínimos velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarles unha educación integral.

Nin o pai nin a nai poden renunciar á patria potestade.

A patria potestade implica a representación legal das fillas e fillos menores non emancipados e a administración dos seus bens.

A patria potestade exercea conxuntamente os dous proxenitores ou un deles co consentimento expreso ou tácito do outro/a. Se os pais viven separados, a patria potestade será exercida por aquel con quen o fillo ou a filla conviva.

Cando as e os menores non están suxeitos á patria potestade dos seus pais ou das súas nais (porque faleceron ou os abandonaron), noméase un titor ou titora xudicialmente (pode ser designado pola nai ou o pai en testamento para cando falezan).

Nin o pai nin a nai poden renunciar á patria potestad

¿PÓDESE PRIVAR O PAI OU A NAI DA PATRIA POTESTADE?

A nai e o pai poden ser privados total ou parcialmente da patria potestade por sentenza, xa sexa polo incumprimento dos seus deberes para coas fillas e fillos ou ben por sentenza ditada nun procedemento matrimonial ou penal.

Nos procedementos matrimoniais de separación, divorcio e nulidade, os pais e/ou nais poderán ser privados da patria potestade cando se probe que non cumpren cos deberes de coidar dos seus fillos e fillas axeitadamente.

No ámbito penal existe a condena á privación da patria potestade ou a inhabilitación para o seu exercicio por delitos que fosen cometidos contra as propias fillas ou fillos, ou contra outros/as menores.

Nos casos en que a paternidade se declare a consecuencia dunha reclamación xudicial, con oposición do pai, este quedará privado do exercicio da patria potestade, non así da obriga de pagar os alimentos.

Aínda que estean privados da patria potestade, o pai e a nai teñen dereito a relacionarse coas súas fillas e fillos menores.

¿QUE É A CUSTODIA?

A custodia consiste no coidado diario de fillas e fillos, cubrir as súas necesidades e atender á súa educación. Tamén supón a convivencia diaria con fillas e fillos e tomar as decisións correntes da súa vida cotiá.

Cando os proxenitores non viven xuntos, o coidado de fillas e fillos lévao a cabo un deles. Nestes supostos, salvo excepcións, ambos os dous proxenitores continúan coa patria potestade compartida, polo que o ou a proxenitora que non teña a custodia deberá seguir cumprindo cos deberes que esta lle impón, como é aboar unha pensión de alimentos ou visitalos (establecerase un réxime de visitas).

A custodia tamén pode ser compartida; nese caso ambos os dous proxenitores reparten entre eles equitativamente os tempos de coidado das fillas e fillos, sendo preciso para iso que manteñan criterios compartidos sobre a súa educación e coidado.

¿CAL É A DIFERENZA ENTRE PATRIA POTESTADE E CUSTODIA?

Cando os proxenitores viven xuntos coas súas fillas e fillos, ambos os dous exercen a custodia e a patria potestade conxuntamente, cóidanos e toman todas as decisións, as correntes e as transcendentales, sobre eles.

Cando a custodia a ten un dos proxenitores, a diferenza é que quen a ten toma as decisións correntes da vida cotiá dos seus fillos/as, pero as decisións transcendentales deberán ser tomadas conxuntamente por ambos os dous; no caso de que non haxa acordo, será por decisión xudicial, que buscará sempre o beneficio das/os menores.

¿QUE DEREITOS TEÑEN OS FILLOS E FILLAS?

Todos os fillos e fillas, tanto biolóxicos como adoptados, sexan fillos/as de parellas casadas ou non casadas, teñen os mesmos dereitos.

As fillas e os fillos teñen dereito a que as súas nais e pais velen por eles, a telos na súa compañía, a que os alimenten, eduquen e lles procuren unha formación integral.

O dereito de alimento comprende a comida, o vestido, a vivenda, a saúde, a asistencia médica e a educación, ata que remate a súa formación aínda que sexa maior de idade. Tamén se inclúen os gastos de embarazo e parto se non estivesen cubertos doutro modo.

Cando haxa dúas persoas obrigadas a dar alimentos, repartirase entre elas o seu pagamento en proporción aos medios que teña cada unha delas. O dereito de alimentos non se lle pode transmitir a un terceiro.

As nais e pais administrarán os bens das súas fillas e fillos coa mesma dilixencia que se fosen os seus.

¿CALES SON OS DEBERES DOS FILLOS E AS FILLAS?

As fillas e os fillos débennles obedecer ás súas nais e pais mentres permanezan baixo a súa potestade, respectalos sempre e contribuír segundo as súas posibilidades ao levantamento das cargas familiares mentres convivan.

As e os menores non emancipados que teñan fillos/a exercerán a patria potestade sobre eles/as coa asistencia das súas nais ou pais e, a falta de ambos os dous, do titor/a que teñan designado.

As fillas e fillos terán dereito a que a súa nai ou o seu pai lles proporcionen medios económicos para viviren, aínda sendo maiores de idade, sen límite temporal, sempre que demostren que non dispoñen de medios económicos para viviren e que non é pola súa culpa.

¿CANDO SE INDEPENDIZAN OS FILLOS E FILLAS?

Independizanse legalmente ao cumprir os 18 anos, cando se acada a maioría de idade. Se non poden gobernarse por si mesmos/as por padeceren enfermidades ou deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico, prorrogarase a patria potestade mesmo cando cumprisen os 18 anos.

Os fillos e fillas tamén poden independizarse legalmente ao cumpriren os 16 anos se previamente se emanciparon, pero ata que cheguen á maioría de idade non poderán pedir diñeiro a préstamo, gravar ou allear determinados bens e obxectos sen consentimento dos seus proxenitores/as.